



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 13/04/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

#### SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 13/04/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de

Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DIA

- 1 - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS, DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA.
- 4 - ASUNTOS VARIOS.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 24/03/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 24/03/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS

##### LICENZAS DE OBRAS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2021/U022/000020

Visto o escrito co número 2021/999/00000558 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 17/09/2021, presentado por FRANCISCO RAMON GARCIA MARTINEZ, en representación de MARIA REY RAMOS, de LICENZA DE EDIFICACIÓN para a construción dunha vivenda unifamiliar (Referencia Catastral número: 15038A502009540000DE).

Considerando, que do informe técnico de data 4/11/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que deberá presentar para seguir coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001921 (RS) de 8/11/2021, remítese copia do expediente á DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001920 (RS) de 8/11/2021, comunicaselle a MARIA REY RAMOS, que se solicitou informe sectorial á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia. Así mesmo, comunicaselle que deberá solicitar autorización a Augas de Galicia, e requíreselle para que presente a documentación indicada no informe técnico. Por todo iso, paralizase o cómputo de prazos neste expediente mentres non se reciban os informes sectoriais.

Resultando, que con data 1/03/2022, Augas de Galicia resolve outorgar autorización para a construción dunha vivenda unifamiliar illada e muro de peche parcial da parcela.

Resultando, que con data 8/03/2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural RESOLVE informa favorablemente as obras descritas no proxecto básico (Ref. Catastral 15038A502009540000DE).

Visto que con data 24/03/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, emite informe favorable ao proxecto.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 28/03/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA REY RAMOS, LICENZA DE EDIFICACIÓN para a construción dunha vivenda unifamiliar (Referencia Catastral número: 15038A502009540000DE), en



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

base ao proxecto básico redactado polo arquitecto F. Ramón García Martínez, colexiado COAG nº 3442, condicionada a que:

2º) As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo, así como será necesario a presentación dos oficios dos técnicos que van a levar a dirección facultativa das obras e do técnico coordinador de seguridade e saúde.

3º) Presentarase xunto co proxecto de execución documento público de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso. A superficie de cesión, segundo a aliñación establecida no PXOM de Fisterra correspóndese coa distancia entre o límite da parcela privada e a aliñación trazada nos planos de ordenación do PXOM de Fisterra, que da fronte e que segundo o inventario de bens que obra neste concello ten o número 283 e que se corresponden, segundo o proxecto presentado cunha superficie de 47,18 m<sup>2</sup>.

4º) En atención ao artigo 24.5 da LSG, para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá disporse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. As obras necesarias para cumprir co disposto neste punto recolleranse nun proxecto de obras ordinarias que se presentará xuntamente co proxecto de execución e que xustificará a conexión das redes de servizo e viarias coa estrutura xeral do núcleo, incluíndo ademais a pavimentación do espazo de viario preciso.

5º) As dúas partes da parcela con clasificación diferente quedarán vinculadas entre si xa que a colocación da vivenda coincide coa liña que separa as dúas clasificacións de solo da parcela e polo tanto non se podería segregar a parcela por motivos de planeamento por non recuarse os 3 metros que esixiría a ordenanza en caso de ser unha nova parcela.

6º) A estatística de edificación de vivenda será asinada polos promotores.

7º) Deberá identificarse a localización dos paneis solares de utilizarse estes.

8º) O proxecto de execución xustificará, a través dun anexo independente o cumprimento das seguintes condicións impostas pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da que se deberá obter novo informe:

“As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe circundante e coas construcións tradicionais do lugar. A fachada rematarase na cor beixe prevista cun acabado liso e sen brillos, empregando un morteiro sen árido engadido visible. Respecto das carpinterías, o acabado será lacado en cores lisas e mate, sen brillos. Non se consideran axeitados os acabados imitación madeira.

As fiestras serán preferentemente de formas verticais con follas abatibles de eixo vertical, cando menos, nas fachadas visibles desde a traza do Camiño.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Os vidros serán transparentes e non serán reflectores nin de cor.

As persianas colocaranse ao interior e a súa caixa quedará oculta, invisible ao exterior das fachadas, e non reducirá a superficie do oco. Non se admiten as persianas exteriores por non ser unha tipoloxía tradicional da zona.

Calquera elemento metálico de fachada, cuberta e, de ser o caso, do peche, evitará os acabados pulidos e brillantes, co obxecto de evitar reflexos indesexables.

Non se consideran axeitadas as varandas ou antepeitos de vidro, pois son grandes panos que xeran brillos e reflexos non característicos na arquitectura dos núcleos rurais.

Na porta de acceso á vivenda recoméndase o emprego da madeira como material de acabado, dándolle un aspecto mais nobre á entrada peonil da edificación. O seu deseño será sinxelo e sen molduras, co entaboado colocado preferentemente en posición vertical.

O material de cobertura será o tradicional do lugar, a tella cerámica vermella.

Evitarase que a estrutura de formigón da cuberta quede visible ao exterior, procurando que quede tras os muros da fachada. Coidarase así mesmo que o fibrocemento e o illamento que se coloque baixo a tella non queden visibles ao exterior.

A dimensión dos voos dos beirís da cuberta serán semellantes aos existentes tradicionalmente na zona (voos de pequena dimensión).

Os remates de chemineas serán sinxelos, harmonizarán cos tipos tradicionais existentes na zona e terán un acabado acorde ás fachadas da propia edificación (evitarase revestir as chemineas construídas en ladrillo con chapados para que semellen ser de cachotería ou de cantería). Tamén se permiten as chemineas de fundición ou aceiro cor gris escura ou negra e acabado mate. Con respecto ás caparuzas debe primar a sobriedade.

Os canlóns e baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán seccións circulares sen molduras, de cobre ou cinc na súa cor natural sen brillos, ou aluminio ou PVC lacados nunha cor que non destaque sobre a fachada.

Os piares do soportal terán un deseño sinxelo; o proxecto de execución deberá definir o seu material, cromatismo e acabado, que serán acordes ao deseño da edificación e ao contexto. Recoméndase evitar formalizacións alleas á tradición construtiva galega. Aínda que polo contexto descrito resulta admisible maior liberdade nos criterios compositivos, recoméndase evitar as composicións de volumes por substracción na planta alta.

O proxecto de execución achegará a urbanización prevista na parcela (accesos peonil e rodado); así mesmo, e de preverse colocar peche na parcela, incluírase a súa descrición: materiais, dimensións, xeometría, etc, xa que o peche autorizado corresponde unicamente ao lindeiro posterior; sería moi aconsellable continuar co mesmo tipo de peche, aínda que non é imprescindible. Recoméndase a consulta da



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

mencionada guía de boas prácticas para as intervencións no Camiño de Santiago, no seu apartado referido a peches novos. Na urbanización exterior deberá minimizarse a disposición de pavimentos duros e estes terán un aspecto o mais natural posible coma o xabre compactado, pedra, formigón lavado de xeito que se vexan os áridos, pavimentos de formigón con ocos que deixen medrar a herba polo medio, etc. Deberá manterse o arborado existente nos extremos da parcela. Así mesmo, de plantar árbores na parcela serán de especies autóctonas da zona (non son axeitadas as tuias, pode consultarse o anexo IV Especies para sebes, da Guía de caracterización e integracións paisaxística de valados publicada pola Xunta de Galicia no 2017 (na web [https://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT\\_Deseñamento\\_sostible](https://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Deseñamento_sostible)). Tampouco é axeitada a utilización de teas verdes case opacas nos peches.

Os elementos de instalacións que se deban dispoñer na fronte da parcela deseñaranse de modo que se integren de forma coherente co peche, evitando as solucións de armarios industriais e plásticos. Outras instalacións exteriores como equipos de aeroterminia integraranse no deseño da fachada, ou no caso dos paneis solares na cuberta non sobresairán desta, de modo que non sexan visibles.

Achegarase o correspondente proxecto de execución, que cumpra as anteditas condicións, previamente ao inicio das obras, para a súa autorización, se procede, por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”.

9º) O orzamento de execución material da obra segundo o proxecto ascende á cantidade de oitenta e un mil seiscientos sesenta euros e vinte e sete céntimos (81.660,27 €).

O orzamento de execución material en aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras aprobada definitivamente mediante acordo do Pleno da Corporación de sesión de 4/10/2011, e publicado no BOP número 231 de 5/12/2011 é de cento sesenta e dous mil sesenta e tres euros e dezaseis céntimos (162.063,16 €) e sobre este importe debe calcularse a taxa de tramitación do expediente e o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

10º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U022/000004

Visto o escrito co número 2022/999/00000156 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 26/02/2022, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, en representación de MARIA DEL CARMEN BARCA IGLESIAS, como Presidenta da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO “LAS GANDARAS”, LICENZA DE EDIFICACIÓN ao que lle xunta Proxecto técnico para a instalación dun ascensor e mellorar a accesibilidade do edificio de residencia (Referencia Catastral número:1748301MH8514N0001ZA).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando, que co número 2022/999/00000201 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/03/2022, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, achega documentación complementaria consistente no código visado do colexio de arquitecto para o seu acceso telemático.

Considerando, que co número 2022/999/00000207 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 16/03/2022, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, achega documentación complementaria consistente no Anexo ao Proxecto Técnico presentado inicialmente.

Considerando, que co número 2022/999/00000221 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/03/2022, SANDRO IANNONE LADO achega nomeamento de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde para unír ao expediente.

Visto que con data 24/03/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, emite informe favorable, do que se desprende que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de rehabilitación e reestruturación, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación, tendo en conta que en atención ao indicado polo punto 7 do ANEXO I do RLS, NON computará como aumento de volume.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 28/03/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA DEL CARMEN BARCA IGLESIAS, como Presidenta da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO "LAS GANDARAS", LICENZA DE EDIFICACIÓN para a instalación dun ascensor e mellorar a accesibilidade do edificio de residencia (Referencia Catastral número: 1748301MH8514N0001ZA), condicionada a que:

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza, xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

-Repoñerese ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais. Co fin de garantir a reposición do firme ou beirarrúa que puidese ser afectada polas obras pretendidas deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de cincocentos euros (500,00 €).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- En aplicación do artigo 24 da ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra, dispórase a pé da obra un cartel indicador que sexa visible desde o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2022/U022/000004
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local de 13/04/2022
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Ordenanza de Edificación Residencial Especial (O-5)
- PROMOTOR: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO DE VIVENDAS "LAS GANDARAS"
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Xoan B. Alborés Tajés. Colexiado nº. 3125 do COAG
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Sandro Iannone Lado, colexiado nº. 3032 do COATIE.
- USO: RESIDENCIAL
- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000041

Visto o escrito co número 2022/000/00000628 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 8/04/2022, presentado por Serafín Senlle Sendón, no que presenta proxecto técnico para a pavimentación do vial polo fronte do aserradoiro de madeira existente no lugar de Buxán deste termo municipal.

Vista a acta de comprobación documental de data 12/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Serafín Senlle Sendón, LICENZA URBANISTICA para a realización de obras consistentes no acondicionamento do viario público existente fronte a súa parcela con novo formigón que se atopa en mal estado por mor do tránsito de vehículos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### COMUNICACION PREVIA DE OBRAS

EXPEDIENTE: 2021/U026/000167

Visto o escrito co número 2021/000/00002570 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/12/2022, presentado por MANUEL PAZOS LADO, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de reducir galería e colocación de fiestras na vivenda, sendo necesario a colocación de andamio ocupando a vía pública (Referencia Catastral número: 870415MH7580050003KG).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 22/12/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00002060 (RS) de 28/12/2021, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que co número 2022/000/00000589 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/04/2022, MANUEL PAZOS LADO, presenta escrito cun novo orzamento de obra para substituír ao escrito de 9/12/2021.

Vista a acta de comprobación documental de data 7/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MANUEL PAZOS LADO, o título habilitante para a realización de obras consistentes na substitución das fiestras existentes de aluminio branco por outras do mesmo material e cor, nunha edificación (Referencia Catastral número: 870415MH7580050003KG).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/U026/000008

Visto o escrito co número 2022/000/00000098 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 19/01/2022, presentado por MARIA OLIMPIA LOUZAN LÓPEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de construción dun muro de formigón armado de 1 metro de alto e 19 metros de longo sito no domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 0845925MH78504N0001PU).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 26/01/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000049 (RS) de 2/02/2022, remítese copia do expediente á DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000050 (RS) de 2/02/2022, comunícaselle a MARIA OLIMPIA LOUZAN LOPEZ que se solicitou informe sectorial á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia e se paraliza o cómputo de prazos neste expediente mentres non se reciba o informe solicitado.

Resultando, que con data 31/03/2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural RESOLVE autorizar a execución das obras de peche de parcela

Vista a acta de comprobación documental de data 7/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA OLIMPIA LOUZAN LÓPEZ, o título habilitante para a realización das obras consistentes na construción dun muro de formigón armado de 1 metro de alto e 19 metros de longo na parcela na que se localiza o domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 0845925MH78504N0001PU), condicionada a:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Antes do inicio da obra, deberá solicitarse polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público. O recuado que se debe de realizar con respecto ás vías que da fronte e que constan no Inventario de Bens que obra neste Concello é de 4,00 metros ao eixo da vía segundo os planos de ordenación do PXOM de Fisterra.

Así mesmo, deberá cumprir as condicións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- No caso de executarse a parte inferior do muro de formigón armado, o acabado do peche será preferiblemente natural visto, cunha execución coidada e unha modulación adecuada dos seus encofrados. No caso de que se prefira enfuscar, procurarase a elección dunha cor con pouca saturación que se integre no ambiente urbano e favoreza o seu mantemento.

- No caso de executarse a parte inferior do muro de bloque de formigón deberá ser revestido con morteiro por ámbalas dúas caras e cun acabado final pintado, dunha cor con pouca saturación que se integre no ambiente urbano e favoreza o seu mantemento. Os espesores dos recubrimentos de morteiro non serán inferiores a 1,5 centímetros para evitar infiltracións e o denominado "espectro de xunta". No caso de conservar a cancela existente, os montantes laterais deberán ser enfuscados e pintados coa mesma cor.

- Na parte superior metálica do peche, poderá executarse unha solución de montantes metálicos sen ornamentos e malla metálica. Altura dos postes será igual á altura da malla metálica. O conxunto metálico poderá ter un acabado verde oliva mate ou galvanizado natural. Evitaranse os apantallamentos por medio de elementos non vexetais (teas sintéticas, mallas de ocultación, etc.). Non se autorizará a utilización de pilastras ou columnas de pedra no peche, porque xeran ritmos verticais que entran en contradición coa horizontalidade dos peches tradicionais.

- Recoméndase conservar a franxa vexetal existente no espazo resultante entre o Camiño e a posición do muro de peche recuado, que ademais de servir de transición verde entre ambos, supoñe unha liña de filtración natural das augas ao terreo.

- Posto que as obras se desenvolven nunha parcela localizada na traza do Camiño de Santiago, garantirase en todo momento a seguridade dos peregrinos e/ou peóns.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000031

Visto o escrito co número 2022/000/00000500 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/03/2022, presentado por AGUSTIN ESTEVEZ PAPIN, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de reparación da beirarrúa existente en tres laterais da vivenda sita no domicilio de residencia, sendo necesario a colocación dun colector de obra ocupando a vía pública (Referencia Catastral número:8309111MH7580N0001KT).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 1/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000216 (RS) de 4/04/2022, comunicaselle o informe técnico anterior a AGUSTIN ESTEVEZ PAPIN.

Considerando, que co número 2022/000/00000616 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 6/04/2022, AGUSTIN ESTEVEZ PAPIN, aporta a documentación complementaria requirida para continuar coa tramitación deste expediente.

Vista a acta de comprobación documental de data 7/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a AGUSTIN ESTEVEZ PAPIN, o título habilitante para a realización das obras consistentes na reparación da beirarrúa existente diante da vivenda e dentro da parcela privada así como a renovación do peche existente por outro de aluminio, (Referencia Catastral número: 8309111MH7580N0001KT).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS, DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA.**

Visto o extracto da Resolución nº 2022/12573, do 10 de marzo, da Presidencia da Deputación de A Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa MA100, de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido a Concellos da provincia de A Coruña, durante o exercicio 2022.

Tendo en conta que na memoria explicativa de solicitude da subvención, indícase que o obxecto da mesma é a contratación de persoal, en concreto once peóns, por un período de tres meses e 25 horas semanais, para executar as tarefas de limpeza das praias de Langosteira, Sardiñeiro, Talón, Ribeira, Corbeiro, Mar de Fora, Amela, Rostro e Restrelo.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

O orzamento total desta actuación ascende a trinta e cinco mil catrocentos vinte e oito euros e oitenta céntimos (35.428,80 €).

A subvención solicitada á Deputación ascende á un total de trinta e tres mil oitocentos corenta euros (33.840,00 €), polo que o concello fará unha aportación de mil cincocentos oitenta e oito euros e oitenta céntimos (1.588,80 €).

Atendendo aos antecedentes de feito, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Concorrer á subvención para limpeza de praias marítimas, dirixido a concellos da provincia de A Coruña, durante o exercicio 2022, aprobada por resolución nº 2022/12573, do 10 de marzo.

2º) Aprobar a memoria explicativa, que consta no expediente, na que indica que o obxecto da mesma é a contratación de persoal, e concreto de once peóns, por un período de tres meses e 25 horas semanais, para executar as tarefas de limpeza das praias Langosteira, Sardiñeiro, Talón, Ribeira, Corbeiro, Mar de Fóra, Arnela, Rostro e Restrelo.

3º) Solicitar unha subvención á Deputación para dita actuación por un importe de 33.840,00 €, tendo en conta que o total da actuación ascende á 35.428,80 €, o que comporta que o concello fará unha aportación municipal por un total de 1.588,80 €.

4º) Notificar este acordo á Excema. Deputación Provincial de A Coruña.

5º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

## 4º) ASUNTOS VARIOS

### 4.1 – VENDA AMBULANTE

#### LISTA DE ESPERA

Visto o escrito presentado co numero 2022/999/00000243 (RET) de 25/03/2022 por Luz Fernández Gimenez, no que solicita un posto na venda ambulante para dedicarse a venda de mercaderías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluila na lista de espera da venda ambulante deste concello co número 111, para dedicarse á venda de mercaderías.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 4.2 – VADO PERMANENTE

EXPEDIENTE: 2022/V008/000001

**A)** Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000403 (RE) de 7/03/2022 por María de los Ángeles Papín Domínguez, no que solicita autorización para a instalación dun vado permanente de 6 metros lineais para unha superficie interior de 121 a 240 m<sup>2</sup> (neste caso 173 m<sup>2</sup>), que se localiza na (Referencia catastral 84058D1MH7580S0001MD).

Visto o informe técnico favorable de data 5/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que o vado solicitado cumpre co establecido na ordenanza reguladora da reserva de entrada e saída de vehículos.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder a María de los Angeles Papín Domínguez, autorización para a instalación do vado permanente número 1/2022, cunha lonxitude de 6 metros lineais e unha superficie interior de 121 a 240 m<sup>2</sup> (neste caso 173 m<sup>2</sup>), para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe, cos seguintes condicionantes:

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que e trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Non se permite en ningún caso, colocar rampas que ocupen a calzada.

c) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para o aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ao 2022, cunha cota anual de cento vinte e sete euros (127,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

solicítase a súa finalización como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados ao acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### DEVOLUCION DE FIANZA

EXPEDIENTE: 2021/V008/000005

**B)** Visto o escrito presentado co número 2021/000/00001442 (RE) de 7/07/2021 por Mario Rodríguez Rey, no que solicita a devolución da fianza imposta no seu día por importe de trescentos euros (300,00 €) como garantía da boa execución das obras de instalación do vado permanente número 2/2021, concedido pola Xunta de Goberno Local na sesión de 10/06/2021.

Visto o informe técnico favorable de data 15/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que xirada visita comprobouse que non hai inconveniente para a devolución da fianza.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e proceder á devolución da fianza de trescentos euros (300,00 €) imposta a Mario Rodríguez Rey, como garantía da boa execución das obras de instalación do vado permanente número 2/2021.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 4.3 – LICENZA DE ACTIVIDADE

#### TRANSMISIÓN DE LICENZA

A) EXPEDIENTE: 2022/U019/000001

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/000/00000148 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/01/2022, por



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

GASTROBAR CABO DA VILA, S.L., CIF: J-67.954.735 e domicilio social na avenida da Coruña, 24 de Fisterra, para a TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA e COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CAFE BAR que se localiza na edificación sita na avenida da Coruña, 24 de Fisterra (Referencia Catastral número: 8710226MH7581S0001LU).

Considerando, que a Xunta de Goberno Local na sesión de 28/05/2020, concedéulle licenza a MANUEL ANDRADE LÓPEZ, para poñer en funcionamento a actividade de CAFE BAR na edificación da Avenida da Coruña, 24 de Fisterra.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Manuel Andrade López e Francisco José Pazos Insua en representación de Gastrobar Cabo da Vila, S.C..

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á Transmisión de Licenza e COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por GASTROBAR CABO DA VILA, S.C., con CIF: J-67.954.735, para o inicio da actividade de "CAFE BAR" que se localiza na edificación da Avenida da Coruña, 24 de Fisterra.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2022/U019/000006

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/000/00000395 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/03/2022, por Naiyu Wang, en representación de MERCA CHINA FISTERRA, ESPJ, con CIF: E-09.834.169, para a TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA e COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS que se localiza no baixo da edificación (Referencia Catastral número: 8609126MH7580N0001PT).

Considerando, que a Xunta de Goberno Local na sesión de 12/12/2019, concedéuselle licenza definitiva a VICTOR MANUEL PAZOS LEIS e a EMMA MARIA PEREZ DOMINGUEZ, para poñer en funcionamento a actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS no baixo da edificación da rúa Federico Avila, 10 de Fisterra.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Víctor Manuel Pazos Leis e Emma María Pérez Domínguez por unha banda e Naiyu Wang e Junjie Chen por outra banda.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á Transmisión de Licenza e COMUNICACION PREVIA presentada por MERCACHINA FISTERRA, ESPJ, con CIF: E-09.834.169, para o inicio da actividade de “COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS” que se localiza no baixo da edificación da rúa Federico Avila, 10 de Fisterra.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) EXPEDIENTE: 2022/U019/000008

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/999/00000272 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, de data 7/04/2022, por Remo Feudi, para a TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA e COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CAFE BAR, que se localiza no baixo da edificación (Referencia Catastral número: 8605501MH7580N0001LT).

Considerando, que a Xunta de Goberno Local na sesión de 10/10/2019, concedéulle licenza a MIGUEL ANGEL MARTINEZ SAR, para poñer en funcionamento a actividade de CAFE BAR no baixo da edificación da rúa Arasolis, 2 de Fisterra.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Miguel Angel Martínez Sar e Remo Feudi.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á Transmisión de Licenza e COMUNICACION PREVIA presentada por REMO FEUDI, para o inicio da actividade de “CAFE BAR” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, 2 de Fisterra.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 4.4 – TERRAZAS

#### A) EXPEDIENTE: 2022/V013/000001

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/000/00000453 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos, de data 14/03/2022, por ETEL & PAN, S.C., con CIF: J-70.452.842 e domicilio social na Praza da Constitución, 10 de Fisterra, no que peticona autorización para ocupar 24 metros cadrados da vía pública da Praza da Constitución, con 6 mesas e 24 cadeiras para dar servizo ao café bar que rexenta nesa zona, durante a tempada de 2022.

RESULTANDO: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/06/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 29/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

“Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas pro cada 4 m<sup>2</sup> (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 24 persoas.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por ETEL & PAN, S.C., e autorizar a ocupación de 24 m<sup>2</sup> da vía pública na Praza da Constitución, con 6 mesas e 24 cadeiras, delimitado con postes de madeira ancorados ao pavimento unidos por unha corda de nylon de 20 mm, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta nesa zona, durante a tempada que vai do 1/03 ao 30/10/2022 (ámbolos dous incluídos) condicionada ao establecemento da rúa peonil.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

#### B) EXPEDIENTE: 2022/V013/000003

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/999/00000250 do Rexistro Telemático de Documentos, de data 30/03/2022, por Xoan Bautista Alborés Tajés, en representación de JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, no que solicita licenza de edificación para colocar unha instalación temporal de hostalaría ao servizo da Praia Cabello, a emprazar na rúa Cruz de Baixar de Fisterra (referencia catastral número 8514701MH7581S0001LU), en base a memoria técnica redactada polo arquitecto Xoan Bautista Alborés Tajés.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe desfavorable de data 5/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1º) Non acceder ao solicitado por JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, e non autorizar a instalación dun servizo de tempada de hostaleríade 20 m2 cunha zona de terraza de 50 m2 a empraza na rúa Cruz de Baixar de Fisterra, en base ao seguinte:

a) A localización na que se pretende ubicar a instalación non realiza a función de instalación de praia xa que non está localiza no entorno de ningunha praia na que, de maneira sinxela e accesible se poida dar servizo desde a instalación que se pretende.

b) A localización desta instalación sería para dar servizo ao turismo vencellado ao Camiño de Santiago, xa que está asentado na mesma traza, mais por tratarse dunha instalación en solo rústico e que non pode ser considerada como instalación de ningunha praia, debe ser considerada a instalación de tempada na localización proposta, como un uso prohibido en solo rústico.

c) Tendo en conta o indicado no artigo 91.b) da LSG referido as normas de aplicación directa e a protección da paisaxe e en particular: “nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto”, cuestión que non se cumpriría, xa que a ladeira do territorio e a visión da chegada dende o camiño de Santiago quedaría totalmente descontextualizada.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 4.5 – AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000559 (RE) de 29/03/2022, por A. I. E. G., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social para gastos de primeira necesidade.

Visto o informe de data 5/04/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de trescentos euros (300,00 €) para pagar os recibos da luz.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a A. I. E. G, unha axuda de emerxencia social por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

B) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000576 (RE) de 1/04/2022, por S. D. S., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social para gastos de primeira necesidade.

Visto o informe de data 5/04/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de trescentos euros (300,00 €) para pagar os recibos da luz.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a S. D. S., unha axuda de emerxencia social por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

C) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000658 (RE) de 12/04/2022, por J. J. F. T., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social para material ortoprotésico.

Visto o informe de data 13/04/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de catrocentos euros (400,00 €) para costear parte do prezo dos audífonos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. J. F. T., unha axuda de emerxencia social por importe de catrocentos euros (400,00 €), para costear parte do prezo dos audífonos.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

D) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000663 (RE) de 12/04/2022, por T. L. M., no que solicita unha axuda económica para costear os traslados desde Fisterra ata a localidade de Cee, onde está realizando prácticas de empresa.

Visto o informe de data 12/04/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda para os traslados por importe de sesenta e nove euros (69,00 €) para costear os traslados de Fisterra a Cee.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. J. F. T., unha axuda de emerxencia social por importe desesenta e nove euros (69,00 €).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

### 4.6 - SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

A) Visto o expediente iniciado co número 2022/000/00000574 (RE) de 31/03/2022, a petición de M. L. T., no que solicita o Servizo de Axuda no Fogar.

Visto o informe de data 5/04/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, María Teresa Dourado Martínez, do que se desprende que M. ten demencia senil e a súa irmá que ten 79 anos. A súa irmá está encargándose da súa atención, pero ten 79 anos e moitas dificultades para atendela, polo que se realiza proposta de atención domiciliaria positiva para a atención durante 1 hora diaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluír a M. L. T. na lista de espera do Servizo de Axuda no Fogar, e tan pronto como sexa posible concederlle este servizo durante 1 hora diaria, que se establecerá segundo a dispoñibilidade da axenda do devandito Servizo de Axuda no Fogar.

2º) Correspóndelle participar no custo do servizo cun 20%, é dicir, 2,40 €/hora.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o expediente iniciado co número 2022/000/00000615 (RE) de 6/04/2022, a petición de J. T. D., no que solicita a modificación do servizo de axuda no fogar.

Visto o informe de data 8/04/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, María Teresa Dourado Martínez, do que se desprende que a J. T. D. estéselle dispensando o servizo de axuda no fogar durante unha hora diaria e propónse incrementar o servizo de axuda no fogar durante media hora diaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. T. D., a ampliación de media hora diaria do Servizo de Axuda no Fogar.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

### 4.7- TARXETA DE ESTACIONAMENTO

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000560 (RE) de 29/03/2022, por L. E. B. C., no que solicita a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade número 004/20.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o informe de data 31/03/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da renovación da tarxeta de estacionamento por un período de dez (10) anos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Renovar a L. E. B. C., a tarxeta de estacionamento número 004/20 por ser persoa con discapacidade, para un período de dez (10) anos, a todos os efectos regulamentarios.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000617 (RE) de 6/04/2022, por M. A. L. G., no que solicita a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade número 003/01.

Visto o informe de data 7/04/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da renovación da tarxeta de estacionamento por un período de dez (10) anos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Renovar a M. A. L. G., a tarxeta de estacionamento número 003/01 por ser persoa con discapacidade, para un período de dez (10) anos, a todos os efectos regulamentarios.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.